



A ESCOLA DA VIDA

Ás voltas co inglés

19.03.2011

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A Consellería de Educación segue dándolle voltas ao seu decreto da aprendizaxe das materias escolares nos dous idiomas vernáculos, no que incluíu no seu día o inglés, por arte de birlebirloque. Di agora que xa hai 58 centros plurilingües en Galicia, entendendo por tales, non nos que se imparta a docencia nos dous idiomas cooficiais recoñecidos, senón que tamén inclúan o inglés.

O novo requisito que a Xunta lle vai requirir aos docentes é un nivel de coñecemento do inglés superior ao B1 ou de ter pasado unha entrevista, como o facía na actualidade, para solicitarlle que acredite un nivel B2, é dicir, que o profesor sexa capaz de entender e expresar as ideas principais de textos complexos que traten tanto temas concretos como abstractos, e mesmo de carácter técnico, que estean dentro da súa especialización. Isto último vai ser o máis importante. A razón deste cambio é a crenza dos responsables de Educación de que superaron as súas mellores expectativas respecto do número de centros que pensaron que se ían apuntar a seguir o seu decreto. Pero pasar dun nivel a outro non é ningunha bagatela. De superar unha entrevista máis ou menos exhaustiva, a conseguir unha acreditación dun centro oficial hai un treito moi importante que percorrer.

Por outra banda, como xa sostivemos noutras ocasións, non é este o camiño correcto para a aprendizaxe de idiomas polos alumnos, sexa este o inglés, o portugués ou o italiano. O alumno debe coñecer o idioma estranxeiro mediante unhas metodoloxías didácticas expresivas e comprensivas eficientes para a súa aprendizaxe, é dicir, mediante sistemas audiovisuais e outras técnicas que están ao alcance dos centros escolares actuais. doutro xeito, un alumno que estudase matemáticas en inglés, por exemplo, descoñecerá moitos dos termos que utilizamos normalmente nos idiomas autóctonos porque no idioma estranxeiro se expresan con palabras diferentes ou mesmo falsos amigos.

Todos mantivemos conversacións con algún estranxeiro que aprendera a nosa lingua para iren tirando, e durante elas decatámonos de que utilizan mal certas palabras porque non son as correctas para a frase. A iso é ao que se abocará aos alumnos que aprendan parte dos coñecementos nun idioma distinto ao que é de uso común no seu día a día..